



CONCELLO DE NARÓN

NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/43/2014	CONZI01X
1H0P1U5Y612K115K12GA	

Acta da xuntanza mantida pola Mesa de contratación para a cualificación da documentación contida no sobre "A" referente á documentación administrativa, presentada polas empresas participantes no proceso de licitación para a adxudicación do procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, tramitado para contratar a xestión, mediante a modalidade de concesión, do servizo público das escolas infantís municipais de A Solaina, Piñeiros e A Gándara.

En Narón, a seis de febreiro de dous mil quince, sendo as 12,30 horas, reúnen os membros da Mesa de contratación segundo o establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares e formada polas persoas que de seguido se relacionan:

PRESIDENTE: D. José M. Blanco Suárez, Alcalde-Presidente

VOGAIS: D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral do Concello
D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Accidental
Dna. M^a del Carmen Espada Cortizas, Concelleira delegada para asuntos de ensino
Dna. Yolanda Martínez García, xefa accidental do Servizo Sociocomunitario

SECRETARIO: Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección Contratación

O Sr. Presidente declara validamente constituída a Mesa, procedendo á apertura dos sobres A presentados en tempo e forma polos seguintes licitadores:

- FESAN
- PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS SL

O secretario procede a ler un breve resumo do anuncio de licitación do servizo, publicado no BOP nº 8, do 14 de xaneiro de 2015 e máis informe no que consta a relación de empresas presentadas ao devandito concurso.

Deixase constancia de que todas as ofertas foron presentadas dentro do prazo concedido a estes efectos.

Procédese á apertura dos sobres A, relativos á documentación administrativa e do análise da referida documentación, adóptanse os seguintes acordos:

Declarar suficiente a documentación presentada polos licitadores, admitíndose a totalidade das ofertas presentadas.

Non tendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 12 horas e 52 minutos, de todo o cal, como Secretario dou fe, asinando comigo, a presente Acta, o Sr. Presidente.